



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A CASA DE ESPAÑA EN RÍO DE JANEIRO, CO FIN DE CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DOS CIDADÁNS GALEGOS ALÍ RESIDENTES E PARA O MANTEMENTO DUN PUNTO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO EN RÍO DE JANEIRO, BRASIL

En Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración, D. Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante Decreto 140/2020, de 17 de setembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional segunda do Decreto 76/2017, de 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra, a **Casa de España en Río de Janeiro**, Brasil, representada neste acto polo presidente da entidade, D. Marcos Antonio Alvite Vázquez, actuando en nome e representación da mesma en virtude das facultades que lle outorgan os estatutos da entidade.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura do presente convenio de colaboración e para estes efectos,



EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias poden subscribir convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en concordancia co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 76/2017, de 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, de 13 de xuño, da galeguidade, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de emigración e retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados coas mesmas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia.

TERCEIRO.- Conforme ao Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración ten entre as súas funcións o desenvolvemento de accións tendentes á mellora do benestar social e da calidade de vida da cidadanía galega no exterior, así como o fomento, a coordinación e o mantemento de unidades de atención e asesoramento nos centros galegos das principais cidades do exterior, que así o aconselle o número de residentes galegos.

CUARTO.- A Casa de España de Río de Janeiro é unha entidade sen ánimo de lucro, rexistrada como centro colaborador no Rexistro da Galeguidade da Secretaría Xeral da Emigración, que ten como finalidade servir de vínculo entre os membros da comunidade española co obxectivo de manter o recordo das tradicións, o folclore e a cultura, dun xeito especial a galega ao contar con preto de mil socios de orixe galega, polo que está considerada como unha entidade de especial referencia pola colectividade galega residente en Río de Janeiro e na súa contorna.

Esta entidade está a desenvolver unha importante labor socio asistencial orientada a facer efectiva a mellora da calidade de vida dos anciáns pertencentes á colectividade galega a través do mantemento dun centro social de maiores (centro de día), mediante o

que executa actividades de rehabilitación e estimulación mental e física, atendido por persoal especializado, do que veñen beneficiándose anualmente máis de 250 persoas de orixe galega de idade comprendida entre os 65 e os 96 anos.

Por outra banda, esta entidade conta con infraestrutura suficiente para exercer unha labor de difusión, información e asesoramento á comunidade galega que alí reside, así como para colaborar na tramitación das solicitudes dos interesados en participar nas convocatorias dos programas e das actividades que executa a Secretaría Xeral da Emigración.

QUINTO.- Na cidade de Río de Janeiro, Brasil, e na súa área xeográfica, reside unha importante colonia galega que, ben que pola súa situación de carencia sofre unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e asistencial, ou ben pola súa relación coa terra de orixe, é un potencial colectivo de persoas susceptibles de ser beneficiarias tanto das actividades que desenvolve a entidade a través do centro social como dos programas e actividades que anualmente leva a cabo a Secretaría Xeral da Emigración

SEXTO.- A Secretaría Xeral da Emigración considera necesario manter a mellora do benestar social e a calidade de vida á colectividade de emigrantes galegos, residentes na área xeográfica de Río de Janeiro, Brasil, que por cuestións de idade presentan problemas asociados e derivados desta circunstancia e, por outro lado está interesada en manter un punto de información nesta cidade para divulgar, informar e asesorar á comunidade galega que alí reside dos programas e das actividades que executa, co obxecto de que poidan participar nas súas convocatorias, e que ademais contribúa na tramitación das solicitudes dos interesados.

Ambas partes coinciden en que é necesario reforzar a súa colaboración xuntando os seus esforzos para o mantemento da labor socio asistencial orientada ao envellecemento saudable da colectividade galega que alí residen, especialmente daqueles que se atopan en situación de necesidade así como para chegar ao conxunto de dita colectividade para que coñeza o contido das accións e dos programas que executa a Secretaría Xeral da Emigración, e dos que pode beneficiarse, con especial referencia aos de carácter socio asistencial.

SÉTIMO.- A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea, ademais de ser a única entidade destas características existente en Río de Janeiro, para o outorgamento dunha axuda de carácter singular que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas, polo que non é posible promover a

concorrenza pública, ao amparo do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de dar apoio á colectividade de emigrantes galegos que por cuestións de idade presentan problemas asociados e derivados desta circunstancia persoal e de difundir e promocionar todas as accións e programas destinados á dita colectividade.

Por todo o exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, que recolle as seguintes,



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para á atención das necesidades socio asistenciais básicas dos cidadáns galegos maiores residentes en Río de Janeiro, que por razóns de idade, estado físico ou situación de carencia, teñan problemas de autonomía persoal así como manter un Punto de Información e Asesoramento nas instalacións de Casa de España de Río de Janeiro, Brasil, que difunda as actividades e programas que xestiona á Secretaría Xeral da Emigración e colabore na súa execución.

SEGUNDA.- PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas destinatarias serán as persoas maiores de orixe galega ou descendentes destes, ata o segundo grao de consanguinidade, con nacionalidade española e residentes en Río de Janeiro e a súa contorna, que por razóns de idade, estado físico ou situación de carencia, teñan problemas de autonomía persoal así como as restantes que conforman a colectividade galega ás que están dirixidos os programas e actividades que executa a Secretaría Xeral da Emigración.

TERCEIRA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

Co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados deste convenio, a Secretaría Xeral da Emigración comprométese a achegar, con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, unha contía de **trinta mil euros (30.000 €)**.

A contía da achega está destinada a sufragar os gastos correntes xerais (tales como, teléfono, internet, electricidade, material de oficina, xeriátrico, alimentos etc.) derivados do desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, e do persoal ao servizo do Centro de Día e do Punto de Información e Asesoramento.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver.

QUINTA.- PRAZOS E MODOS DE PAGAMENTO

Tras a sinatura deste convenio, efectuarase un pago anticipado de **quinze mil seiscientos euros (15.600 €)**, atendendo ao disposto no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas.

Á vista do establecido nos artigos 65.4 e 5 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por tratarse dunha entidade sen fin de lucro e ser o obxecto do convenio o desenvolvemento de programas de acción social, a entidade non estará obrigada a constituír garantía.

O importe restante, librarase no momento en que a entidade beneficiaria xustifique na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda.

SEXTA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN

O prazo de xustificación deste convenio remata o 15 de outubro de 2021.

En virtude do disposto no Título III, artigos 42 e 44 do Decreto 11/2009, de 8 de

xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa.

O pagamento do saldo pendente efectuarase contra a presentación de conta xustificada e conterà a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos do presente convenio, asinada polo representante da entidade.

- Memoria final detalla das actuacións levadas a cabo ao abeiro do convenio asinada polo representante da entidade na que se farán constar os obxectivos acadados, o orzamento total do funcionamento e o colectivo atendido.

- Relación clasificada dos gastos relacionados coas actividades e servizos prestados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.

- Documentos xustificativos dos gastos relacionados no paragrafo anterior, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (os gastos de persoal xustificaranse coas nóminas e os gastos sociais derivados, xunto coa identificación da función que cada un desempeña).

Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario. Non obstante, para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros, aceptárase a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor, en virtude do disposto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se é o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

- Relación das persoas beneficiarias atendidas no Centro de Día con cargo a este

convenio pola Casa de España. Esta relación incluírá nome e apelidos, DNI, data e provincia galega de nacemento ou de orixe das persoas beneficiarias e período de estancia.

Antes da sinatura do convenio e antes de facerse efectivo cada pagamento aportaranse as seguintes declaracións:

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto aprobadas como as pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas Administracións Públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.

- Declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.

De non xustificaren o importe total da subvención obxecto do convenio e sempre e cando se tivera acadado o seu obxecto, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado.

SÉTIMA.- REINTEGRO

Procederáse ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devengados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.





OCTAVA.- OBRIGAS DAS PARTES

1.- A Casa de España, asegurará a realización das prestacións establecidas no presente convenio, para o que se compromete a:

- Manter as instalacións e o equipamento do Centro de Día, e dotalo de persoal especializado e do material consumible necesario para o seu correcto funcionamento.

- Promover o benestar dos beneficiarios de orixe galega acollidos no Centro de Día, favorecendo a súa integración, participación e relación co medio social, que inclúe as actividades de rehabilitación e estimulación mental e física, e a atención alimenticia, no seu caso, a través dun comedor subvencionado, axustándose ás necesidades dietéticas persoais, segundo as indicacións médicas dispoñibles.

- Situar o Punto de Información nun espazo axeitado para o desenvolvemento das súas funcións, nun local idóneo e habilitado para estes fins, que deberá contar co persoal especializado necesario, con liña telefónica e acceso a internet.

- Poñer ao dispor do persoal encargado de realizar as funcións propias desta colaboración o material e o equipamento suficiente para desenvolver as súas tarefas, e satisfacer as necesidades de desprazamento ou axudas de custo as que houbera lugar.

- Poñer ao dispor da colectividade galega un acceso á páxina web da Secretaría Xeral da Emigración así como doutras páxinas de interese para estes.

- Informar, difundir, asesorar e colaborar no desenvolvemento de todo tipo de actividades e programas de interese xeral para a colectividade galega asentada no seu entorno e, en particular, dos programas e das actividades que desenvolve anualmente a Secretaría Xeral da Emigración.

- Facilitar ás persoas que o necesiten a tramitación ou consecución da documentación relacionada coa tramitación de solicitudes dos programas da Secretaría Xeral da Emigración.

- Prestar os servizos obxecto do convenio nos termos establecidos nel e informar periodicamente á Secretaría Xeral da Emigración sobre os resultados sociais desta iniciativa.

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola



Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para os beneficiarios de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a condición de entidade subvencionada pola Secretaría Xeral da Emigración, así como os seus correspondentes logotipos.

- Facilitar a actuación dos técnicos da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.

- Subministrar á Secretaría Xeral da Emigración, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Secretaría Xeral da Emigración das obrigas previstas no Título I da citada Lei.

2.- A Secretaría Xeral da Emigración obrígase a:

- Achegar o importe do financiamento previsto na cláusula terceira condicionada ao cumprimento do estipulado no presente convenio.

- Facilitar información, asesoramento e colaboración dos programas e das accións que deban ser difundidos a través do Punto de Información e Asesoramento.

NOVENA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente, e de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

DÉCIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros, as seguintes:

- a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste convenio.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

DÉCIMO PRIMEIRA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dous representantes da Secretaría Xeral da Emigración, dos cales un será o presidente e dous representantes da entidade.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Esta Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.

DÉCIMO SEGUNDA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade algunha, nin

directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirán instrucións nin ordes aos traballadores contratados para a execución deste convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE, SEGUIMIENTO E COLABORACIÓN

En virtude do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o convenio deberá ser publicado a través da Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS), que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións a través da súa páxina web www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index.

O beneficiario da axuda coñece e consente a inclusión dos seus datos nos rexistros aos que, en virtude da normativa á que está sometido o convenio, deberá dársele publicidade a esta subvención, en concreto, nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso de todas as partes para ás obrigas de publicidade impostas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMO CUARTO.- RÉXIME XURÍDICO

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido no mesmo, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións nos seus preceptos básicos e demais normativa que sexa de aplicación.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou

desistimento pola outra parte procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos a entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que deán lugar de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio (agás as que teñen que ver co outorgamento, xustificación, pagamento, reintegro e determinación de responsabilidades relativas á subvención concedida que serán resoltas polo secretario xeral da Emigración), integraranse, interpretaranse e resolveranse motivadamente pola administración autonómica, logo do ditame non vinculante da comisión a que fai referencia a cláusula décimo primeira. Contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer os oportunos recursos contencioso-administrativos ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO QUINTO.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 25 de outubro de 2021, agás que sexa denunciado por algunha das partes por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2021.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan este convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

**O SECRETARIO XERAL DA
EMIGRACIÓN**



Antonio Rodríguez Miranda

**O PRESIDENTE DA CASA DE ESPAÑA
EN RÍO DE JANEIRO**



Marcos Antonio Alvite Vázquez

